

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DÍA 23 DE MAIO DE 2025

PRESIDENTA:

Dona María Nava Castro Domínguez

VOGAIS:

Dona Belén Cachafeiro Anta en substitución de **Dona María Sandra Bastos Míguez**

Don Javier Tourís Romero en substitución de **Dona Luisa María Sánchez Méndez**

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Don Ricardo Martínez Chantada

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Paco Ferreira González

Don Gregorio Luis Agís Gómez

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Don Gorka Gómez Díaz

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Javier Iglesias Mougán

Don César Mosquera Lorenzo en substitución de **Dona María Manuela Rodríguez Pumar**

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día 23 de maio de 2025, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Nava Castro Domínguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral Servizos Educativos do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 21 DE ABRIL DE 2025 (Expediente (Expediente 2025024212))

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 21 de abril de 2025.

2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA + BENESTAR 2025 (Expediente 2024066968)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do Programa +BENERTAR 2025, cuxo contido literal é o seguinte:



"DATOS DE INTERESE

- **Aprobación das Bases Reguladoras:** XG do 13 de decembro de 2025 e modificadas posteriormente na X.G do 28 de marzo de 2025
- **Publicación no BOPPO:** 16 de maio de 2025
- **Prazo de solicitudes:** do 19 de maio ao 6 de xuño de 2025
- **Xestión, execución e desenvolvemento:** empresa Halcón Viajes (prorroga contrato do ano 2024)

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas de inclusión e benestar social a través da convocatoria de programas que melloren a calidade de vida das persoas e promovan a participación e cohesión social da poboación da provincia. .

Esta institución leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o envellecemento activo das persoas maiores, fomentar a participación e a cooperación social, promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que permitan fomentar a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

A corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove o programa termal + Benestar cun claro obxectivo social, xa que lles facilita o acceso ao turismo de saúde a persoas que doutro modo non poderían beneficiarse da súa dobre función, como período de vacacións e como tratamento sanitario, que ademais contribúe á sostibilidade económica da provincia.

O programa ten un gran arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra ven desenvolvendo na área de persoas maiores (anteriormente SAÚDE E BENESTAR e DEPOTERMAL), a través dos cales se recibían unha media de preto de 4.000 solicitudes cada ano, así como o forte arraigo na provincia ao desenvolverse deste hai máis de 15 anos, o que constitúe unha proba do interese público deste tipo de actividades.

2. CONTIDO

O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.



As persoas solicitantes poderán elixir indistintamente no momento da solicitude calquera dos establecementos ofertados (anexo II), se ben a asignación de prazas estará suxeita a dispoñibilidade.

Ademais da estadía, o paquete comprende pensión completa (coas bebidas incluídas); utilización do spa, do balneario ou doutras instalacións de características similares, un mínimo de dúas horas ao día; e os traslados en autobús.

3. LISTADO DE CONCELLOS COLABORADORES NO PROGRAMA

Os concellos que se recollen no anexo I das bases considéranse entidades colaboradoras.

As persoas interesadas poderán acudir ás entidades colaboradoras do seu ámbito territorial y solicitar asistencia para presentar as solicitudes.

As e os veciños das entidades colaboradoras poderán beneficiarse das prazas subvencionadas do réxime especial. Estas entidades deberán cumprir coas obrigas establecidas nas bases reguladoras, segundo o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

1	AGOLADA	29	MORAÑA
2	ARBO	30	MOS
3	BAIONA (novidade)	31	NEVES, AS
4	BARRO	32	NIGRÁN
5	CALDAS DE REIS	33	OIA
6	CAMBADOS	34	PAZOS DE BORBÉN
7	CAMPO LAMEIRO	35	POIO
8	CANGAS	36	PONTEAREAS (novidade)
9	CAÑIZA, A	37	PONTE CALDELAS
10	CATOIRA	38	PONTECESURES
11	CERDEDO-COTOBADÉ	39	PONTEVEDRA
12	COVELO	40	PORRIÑO, O
13	CRECENTE	41	PORTAS



14	CUNTIS	42	REDONDELA
15	ESTRADA, A	43	RIBADUMIA
16	FORCAREI	44	RODEIRO
17	FORNELOS DE MONTES	45	ROSAL, O
18	GONDOMAR	46	SALCEDA DE CASELAS
19	GROVE, O	47	SANXENXO
20	GUARDA, A	48	SILLEDA
21	ILLA DE AROUSA, A	49	SOUTOMAIOR
22	LALÍN	50	TOMIÑO
23	LAMA, A	51	TUI
24	MARÍN	52	VALGA
25	MEAÑO	53	VILABOA
26	MEIS	54	VILA DE CRUCES
27	MOAÑA	55	VILAGARCÍA DE AROUSA
28	MONDARIZ-BALNEARIO	56	VILANOVA DE AROUSA

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

O programa "+Benestar" 2025 contará con 2.127 prazas. Poderán beneficiarse del as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) *Estar empadroadas na provincia de Pontevedra*
- 2) *Ter 55 anos ou máis*
- 3) *No suposto de ter menos de 55 anos, deberá darse algunha das seguintes circunstancias:*
 - *Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.*
 - *Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.*



- *Ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.*
- 4) *Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 5) *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 6) *Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*

5. REXIME ECONOMICO

As 2.127 prazas ofertaranse nos seguintes termos:

- *2.097 de réxime xeral; a Deputación subvencionará 100 euros do custo da praza (209.700,00 euros)*
- *30 de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 400 euros do custo da praza (12.000,00 euros)*

Poderán beneficiarse das prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e carezan de recursos económicos suficientes para facerlle fronte ao seu custo. Para solicitantes do réxime especial, requirirase a valoración da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais na que se reflicta calquera destas circunstancias: estar en situación ou risco de exclusión social, ter escasos recursos económicos e que o programa se axuste ás necesidades da persoa solicitante.

6. PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a execución do programa será dende outubro de 2025 ata o 31 de marzo de 2026 en tempada baixa.

INFORMACION RELACIONADA

Bases

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2025/05/16/2025030023>

Díptico informativo

<https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/diptico-mais-benestar.pdf>

Establecementos e prezos

https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Establecementosdepotermal_cast.pdf

Actividades de animación

https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/memoria-explicativa-actividades-2024_cast.pdf



Tratamentos gratuítos incluídos

<https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/ACTIVIDADES-COMPLEMENTARIAS CAST.pdf>

Informe de accesibilidade dos establecementos

<https://www.depo.gal/documents/37861/11068619/Informe-accesibilidade-establecementos-cast.pdf>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “LECER EN FAMILIA” DO ANO 2025 (Expedientes 2025008471)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, da convocatoria do programa “Lecer en Familia” do ano 2025 ,cuxo contido literal é o seguinte:

“DATOS DE INTERESE

- ***Aprobación das Bases Reguladoras en XG:*** 28/03/2025
- ***Publicación no BOPPO:*** 24 de abril de 2025
- ***Prazo de presentación de solicitudes:*** do 2 ao 16 de maio de 2025
- ***Dotación:*** cento setenta e nove mil euros con (179.000,00 €) con cargo á aplicación 25/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.
- ***Xestión desenvolvemento e execución do programa:*** Halcón Viajes S.A (prórroga)

1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.



A corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este programa que recolle o espírito e os obxectivos de dita Lei, e promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoien e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Neste senso a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca a primeira edición dun programa para familias empadroadas na provincia de Pontevedra, entendendo a familia como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais, e crear tempo de lecer de calidade, no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

2. FINALIDADE DO PROGRAMA

Reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia que permita desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para todos os seus membros, a través de actividades destinadas a mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza, ao tempo que favorece o desenvolvemento da autonomía.

3. CONTIDO

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

Para os efectos, enténdese por unidade familiar a formada pola/s persoa/s adulta/s e, as fillas e os fillos e persoas maiores que convivan de xeito permanente ou temporal, coa persoa solicitante.

Así mesmo, terán a consideración de fillos e fillas as persoas en situación de garda con fins adoptivos e en acollemento familiar.

As persoas participantes deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante, e deberán estar empadroadas no mesmo domicilio. Exceptuase o requisito de empadroamento no mesmo domicilio, no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

As persoas interesadas deberán reunir ademais os seguintes requisitos:



- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados que precise.*

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.

5. REXIME ECONOMICO

O programa ofrece 2.957 prazas nos seguintes termos :

➤ *2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.*

➤ *50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.*

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV).

6. PROCEDEMENTO DE CONCESION

O procedemento de concesión das 2.957 prazas (de réxime xeral ou especial) levarase a cabo por sorteo entre as solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos e ata esgotar o crédito previsto para o programa en cada modalidade.

As demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.

7. PREZO

Os prezos para as persoas participantes unha vez descontada a subvención da Deputación serán os seguintes:

- *Adultos e maiores de 12 anos 30,80 €*
- *Menores de 3 a 12 anos 15,40 €*
- *Menores de 0 a 2 anos 0 €*



- Prazas reservadas para persoas o € perceptoras da RISGA ou do IMV

8. ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- Hotel Carlos I Silgar 4* (Sanxenxo)
- Gran Talaso Hotel Sanxenxo 4* (Sanxenxo)
- Hotel Bienestar Moaña 4* (Moaña)
- Hotel Alda Carril 4* (Vilagarcía de Arousa)
- Hotel Coia 4* (Vigo)
- Hotel Pazo O Rial 4* (Vilagarcía de Arousa)
- Hotel Nuevo Astur & Spa 3* (Sanxenxo)
- Hotel Rías Bajas 3* (Pontevedra)
- Hotel Bahía Bayona 3* (Baiona)
- Hotel Sercotel Tres Luces 3* (Vigo)
- Hotel Alda Castelao 3* (Vilagarcía de Arousa)
- Hotel Restaurante Pontiñas 3* (Lalín)

PREVISION DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, e adxudicadas as prazas, a execución do programa abarcará dende outubro a decembro de 2025 e de xaneiro a marzo de 2026.

ENLACES RELACIONADOS

Bases reguladoras:

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2025/04/24/2025024769>

Díptico informativo:

<https://www.depo.gal/documents/37861/11507220/Diptico-Lecer-en-Familia.pdf>

Prezos e establecementos:



<https://www.depo.gal/documents/37861/11507220/Establecimientos-Lecer-en-familia-Cast-2025.pdf>

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DA CONCESIÓN DOS OBRADOIROS DO PROGRAMA +RETO DIXITAL 2025 (EXPEDIENTE 2025005122)

Dende o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión dos obradoiros do Programa +Reto Dixital 2025, cuxo contido literal é o seguinte:

"A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, puxo en marcha o programa "+Reto Dixital" 2025, no que se ofertan un total de 68 obradoiros aos 34 concellos de reto demográfico que non participaron no proxecto "Hub contra a fenda dixital e a soidade non desexada" durante o ano 2024. Cada concello podía solicitar ata dous obradoiros, e un adicional para o caso de que resultaran obradoiros sen adxudicar.

Esta iniciativa ten como obxectivo ofrecer formación dixital ás persoas maiores de 50 anos empadroadas nestes concellos, facilitándolles o acceso aos servizos da Administración electrónica e dotándoas de maior autonomía na xestión de trámites cotiáns, co fin de mellorar a súa calidade de vida a través da adquisición de habilidades dixitais.

Os obradoiros ofertados foron os seguintes:

- 1. A Administración electrónica*
- 2. A Sede electrónica da Deputación de Pontevedra e do meu concello*
- 3. Sergas, a súa aplicación electrónica e TELEA*
- 4. Uso da banca móbil e as compras electrónicas*
- 5. As redes sociais*

Cada obradoiro terá unha duración de 5 horas e incluírá un módulo inicial sobre seguridade no uso de medios electrónicos e internet. En cada un poderán participar entre 8 e 15 persoas, cun custo de 5 euros por participante.



A formación será impartida de forma presencial por unha empresa especializada e desenvolverase entre os meses de xuño e decembro, adaptándose ás preferencias dos concellos e do alumnado, así como á dispoñibilidade da empresa adxudicataria.

A día de hoxe, a contratación da empresa adxudicataria do servizo de impartición da formación atópase en fase de avaliación das ofertas.

- O luns 24 de febreiro publicáronse no BOPPO a convocatoria e bases reguladoras do programa.
- O prazo de presentación de solicitude estivo aberto dende o 3 ata o 31 de marzo de 2025.

Finalizado dito prazo, presentaron solicitude **23 concellos**, que solicitaron un total de **67 obradoiros**. Por resolución presidencial concédense os 67 obradoiros solicitados aos 23 concellos que presentaron solicitude, segundo o seguinte detalle:

Nº	CONCELLO	OBRADOIROS	Nº OBRADOIROS
1	Pontecesures	1.Administración electrónica	1
		4.Banca móbil	2
		3.Sergas	3
2	Salceda de Caselas	3.Sergas	4
		5.Redes sociais	5
		4.Banca móbil	6
3	Mondariz	1.Administración electrónica	7
		4.Banca móbil	8
		2.Sedes electrónicas	9
4	Portas	3.Sergas	10
		4.Banca móbil	11
		2.Sedes electrónicas	12
5	Lama, A	3.Sergas	13
		4.Banca móbil	14
		2.Sedes electrónicas	15
6	Salvaterra de Miño	1.Administración electrónica	16
		5.Redes sociais	17
		4.Banca móbil	18
7	Rodeiro	3.Sergas	19
		5.Redes sociais	20



		4. Banca móvil	21
		4. Banca móvil	22
8	Caldas de Reis	3. Sergas	23
		2. Sedes electrónicas	24
		1. Administración electrónica	25
9	Silleda	2. Sedes electrónicas	26
		3. Sergas	27
		3. Sergas	28
10	Fornelos de Montes	4. Banca móvil	29
		1. Administración electrónica	30
		3. Sergas	31
11	Cerdedo-Cotobade	4. Banca móvil	32
		2. Sedes electrónicas	33
12	Vila de Cruces	3. Sergas	34
		4. Banca móvil	35
		3. Sergas	36
13	Meis	4. Banca móvil	37
		2. Sedes electrónicas	38
		3. Sergas	39
14	Vilanova de Arousa	4. Banca móvil	40
		5. Redes sociais	41
		2. Sedes electrónicas	42
15	Arbo	3. Sergas	43
		5. Redes sociais	44
		2. Sedes electrónicas	45
16	Barro	3. Sergas	46
		5. Redes sociais	47
		2. Sedes electrónicas	48
17	Sanxenxo	1. Administración electrónica	49
		3. Sergas	50
		3. Sergas	51
18	Meaño	4. Banca móvil	52
		1. Administración electrónica	53
		5. Redes sociais	54
19	Rosal, O	3. Sergas	55
		4. Banca móvil	56



		4. Banca móbil	57
20	Bueu	3. Sergas	58
		5. Redes sociais	59
21	Dozón	3. Sergas	60
		5. Redes sociais	61
		4. Banca móbil	62
22	Catoira	5. Redes sociais	63
		3. Sergas	64
		1. Administración electrónica	65
23	Ribadumia	4. Banca móbil	66
		2. Sedes electrónicas	67

Obradoiros ofertados	Nº concedidos
1. Administración electrónica	8
2. Sedes electrónicas	11
3. Sergas	19
4. Banca móbil	19
5. Redes sociais	10
Total	67

Os concellos beneficiarios deberán:

- *Seleccionar ás persoas beneficiarias segundo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*
- *Comunicar a relación definitiva das persoas admitidas en cada acción formativa.*
- *Poñer a disposición unha aula adecuada para a formación, que cumpra cos requisitos de capacidade, mobiliario, accesibilidade e conexión a internet.*

Nestes intres estase remitindo por parte dos concellos a relación das persoas seleccionadas nas actividades formativas concedidas e estímase que se inicie coa formación en xuño de 2025, en



función das datas fixadas entre a empresa adxudicataria da formación e cada un dos concellos destinatarios”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

